

ACTA N.º 10/2015
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 30 DE XULLO DE
2015

ASUNTOS

I.- *PARTE RESOLUTIVA*

- I.1.- ACTA ANTERIOR
- I.2.- PROPOSTA DE REPRESENTANTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA
- I.3.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS: RECURSO DE REPOSICIÓN
- I.4.- CONVENIO CON AUGAS DE GALICIA: ABASTECIMENTO EN PARADA
- I.5.- TRATADO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTOS (TTIP)
- I.6.- DEMANDAS NOVO HOSPITAL DE VIGO

II.- *CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO*

- II.1.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA
- II.2.- TOMA DE RAZÓN DOS INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS
- II.3.- ACEPTACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN
- II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PSOE: - D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP: - D. Alberto Valverde Pérez
- D. Alberto García Pazos
- D. Modesto Martínez Sienes
- D.^a Liliana Silva Pequeño
- D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
- D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE: - D. José Cuevas Raposo
- D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

- UCNigrán: - D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG: - D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 30 de xullo de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria
- *Convocatoria:* primeira
- *Hora de comezo:* 20:00
- *Hora de remate:* 21:50
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 16

Incidencias:

a) Alteracións no *quórum* de asistencia:

- *Membros que se incorporan durante a sesión, e momento en que o fan:* D.^a Ana Pérez Pérez, durante o debate do punto I.2 da orde do día.
- *Concelleiros que abandonan a sesión:* Ningún.

b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- *PARTE RESOLUTIVA*

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 25 de xuño de 2015.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 25 de xuño de 2015 queda aprobada cos votos a favor dos 16 membros da Corporación presentes.

I.2.- PROPOSTA DE REPRESENTANTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA

A comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23/07/2015, acordou propoñer ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Mediante escrito da Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, de 3 de xullo

de 2015 (registro de entrada 8680, de 10 de xullo), interésase que, de entre os Concellos da Provincia con poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes que indica na propia comunicación, se propoña un para ocupar a correspondente vogalía no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

En consecuencia propónse ó Pleno nomeamento do Concello de Nigrán para representar ós Concellos da Provincia con poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes para ocupar a correspondente vogalía no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica a proposta ditaminada.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.3.- CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS: RECURSO DE REPOSICIÓN

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23/07/2015 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

"Expte: 2015/025S

Antecedentes.

O 14 de xullo de 2015 (entrada n.º 8.805) o Concelleiro D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular, presentou recurso de reposición fronte ao acordo plenario de 25 de xuño de 2015, relativo á constituición dos grupos políticos municipais polos motivos e fundamentos e coas pretensións que se transcriben:

MOTIVOS

Primero.- Que el pasado día 25 de Junio de 2015, el Pleno del Ayuntamiento de Nigrán, aprobaba con votos del Grupo del PSOE, Nigrán Decice y los representantes del BNG y UCN, la determinación de los grupos políticos municipales, otorgando el derecho a tener grupo propio al BNG y UCN respectivamente.

Que el firmante recurre en reposición contra el referido acuerdo por entenderlo contrario a Derecho.

Que el presente recurso se interpone atendiendo a los siguientes:

FUNDAMENTOS DE DERECHO

I.- Que el acuerdo plenario impugnado hace referencia a la constitución de los Grupos Políticos Municipales del Ayuntamiento de Nigrán, para el mandato 2015-2019.

Los Grupos Municipales del PSOE, Nigrán Decide, el miembro del BNG y el de UCN votaron a favor de conceder al BNG y UCN (que tienen un solo concejal electo), la posibilidad de formar cada uno de ellos, un grupo municipal Independiente.

La Ley 5/1997, de 22 de Julio, de la Administración Local de Galicia, dice que se integrarán en todo caso en el Grupo Mixto los miembros de los partidos políticos, federaciones, coaliciones o agrupaciones que no obtuviesen un mínimo de dos escaños.

II.- Que al margen del deber de que tienen los representantes políticos de conocer lo establecido en la disposición legal citada, debo señalar, que durante el transcurso de dicha sesión plenaria, el Sr. Secretario Municipal y el Sr. Interventor Municipal, refrendaron exactamente lo mismo que ya habían manifestado expresamente en el año 2011, y no es otra cosa que la validez para el Pleno de Nigrán de dicha Ley en los términos referidos antes y por tanto la no legalidad de otorgarles grupos políticos independientes al BNG y UCN.

Por su parte, el Sr, Interventor, formuló reparo suspensivo, al ser de legalidad. Dicho reparo no fue atendido por Sr. Alcalde ni por el resto representantes que votaron a favor del acuerdo. Consta grabación del sonido del plano como prueba de lo que aquí se manifiesta.

III.- Que por medio del presente recurso se solicita la declaración de nulidad de dicho acto administrativo por ser contrario a Ley.

Que en el caso de no ser atendido este recurso, estaríamos ante un supuesto de prevaricación administrativa, por actuar en contra de la Ley a pesar de haber sido advertidos por parte de los Técnicos Municipales.

Traemos a colación el art. 404 CP, que dispone que "a la autoridad o funcionario público que, a sabiendas de su injusticia, dictare una resolución arbitraria en un asunto administrativo se le castigará con la pena de inhabilitación especial para empleo o cargo público por tiempo de siete a diez años".

En su virtud. SOLICITAMOS AL EXCMO. AYUNTAMIENTO DE NIGRÁN que tenga a bien admitir el presente escrito y tras los trámites pertinentes acceda en el sentido de tener por presentado Recurso de Reposición en contra del acuerdo plenario que se cita y en su consecuencia se tenga por solicitado la anulación del citado acuerdo plenario por no ser el mismo ajustado a derecho.

Consideracións.

O recurso axústase ao previsto no art. 211.3 do R.D. 2568/1986, de 28 novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) que sinala que o prazo para interpoñer recurso de reposición polos Concelleiros que votasen en contra dun acordo contarase desde a data da sesión correspondente.

A cuestión fórmulase en términos semellantes aos do debate plenario do 25 de xuño,

no cal se fixaron as posicións dos grupos e xa constan as opinións da Secretaría e da Intervención.

Tendo en conta as razóns que levaron á adopción do acordo recorrido son as que se expuxeron naquel mesmo debate e que, de forma resumida, fan referencia ao seguinte:

- Que o acordo busca fomentar a participación, especialmente nas Comisións Informativas, que son as encargadas de preparar os asuntos do Pleno.
- Que coa decisión dáselle voz propia a formacións políticas que ideoloxicamente non son próximas, co que se favorece o pluralismo político.
- Que a Lei de Bases do Réxime Local non fixa un número mínimo de compoñentes dos grupos políticos municipais.
- Que a modificación de 2003 da referida Lei estatal de Réxime Local da pe a soste a desaparición dos grupos mixtos, xa que contempla como única alternativa á integración dos Concelleiros no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos, a de ser considerados membros non adscritos.

Tendo en conta que o acordo non deu lugar a unha sobre representación dos grupos minoritarios, porque o Pleno aceptou a emenda do propio grupo Popular no sentido de que as Comisións Informativas estean integradas por un representante de cada grupo político, con voto ponderado, en función do número de membros que o respectivo grupo teña no Pleno.

Tendo en conta que desde o punto de vista do gasto, na propia sesión, fixéronse axustes correctores nas asignacións aos grupos.

Propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto polo Concelleiro do grupo Popular D. Alberto Valverde Pérez contra o acordo plenario do 25 de xuño de 2015, relativo á constituición dos grupos políticos municipais.

SEGUNDO.- Indicar que este acordo pon fin á vía administrativa polo que contra a mesma cabe interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo a distribución de competencias que se contén na lei 29/1998 do 13 de xullo, no prazo de dous meses. Todo sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que estime procedente."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: Xa expresaron a súa opinión de que o acordo iba en contra da normativa, e por iso o recorreron. Piden que se cumpra a norma galega. Podería buscarse unha vía para resolver a cuestión. Noutro caso, votarán en contra.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Non apoiarán o recurso. O acordo acomódase á pluralidade da Corporación.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: O acordo recorrido interpreta a normativa autonómica e estatal. Esta última é posterior e máis favorable. O acordo é legal e non prexudica a ninguén, nin supón maior gasto. A participación é maior. Débese manter.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Non ten inconveniente en que se trate de achegar posicións nunha xunta de portavoces, deixando agora o asunto sobre a mesa mentres non se faga esa reunión.

Sr. Alcalde-Presidente: Parécelle ben que se faga así e manter eses contactos.

Sr. Valverde Pérez: Pregunta ao Secretario se é perentoria a resolución neste Pleno.

Sr. Secretario: O silencio neste caso sería negativo, e o grupo propoñente pode optar pola impugnación desa denegación presunta, sen suxeición a un prazo perentorio, ou esperar a resolución expresa e actuar en consecuencia.

Sr. Alcalde-Presidente: Se así se acorda, tratarase no próximo Pleno, previa reunión dos portavoces

Votación sobre a proposta de deixar o asunto sobre a Mesa.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda que o asunto **quede sobre a Mesa**.

I.4.- CONVENIO CON AUGAS DE GALICIA: ABASTECIMIENTO EN PARADA

A) Ditame da Comisión.

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23/07/2015 acordou dictaminar favorablemente a seguinte proposta da Alcaldía-Presidencia:

Expte. Nº. 15/0052SU

O organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, mediante escrito que tivo entrada o 26 de febreiro de 2015 (nº 2.582) indica que a Administración Hidráulica de Galicia está a tramitar a obra *Abastecemento en Parada*, (Clave OH.236.1085) contemplada no convenio de Colaboración asinado o 23 de decembro de 2013 co concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas deste municipio.

Co fin de realizar os trámites necesarios para a licitación da obra, Augas de Galicia solicítalle ao Concello a remisión de determinada documentación.

O orzamento de execución por contrata ascende a 553.216,85 € IVE incluído.

De conformidade co previsto no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, realizouse o trámite de información pública do proxecto durante 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 16/04/2015 e no taboleiro municipal, non consta que durante o referido período se presentasen alegacións a través do rexistro deste Concello.

Vista a documentación que a acompaña, así como os seus antecedentes, entre os que figura:

- Proxecto denominado Abastecemento en Parada, Nigrán, Pontevedra.
- Informe do arquitecto municipal de data 5 de marzo de 2015.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio (CMATI) indicando que non se precisa o informe previsto na normativa do POL, de data 20 de abril de 2015 (rexistro de entrada 5054, do 23/04/2015).
- Autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 5 de maio de 2015 (rexistro de entrada 6501, do 22/05/2015).
- Informe da enxeñeira municipal de data 10 de xullo de 2015.
- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas do Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 13 de xullo de 2015.
- Informe do interventor municipal no que reitera o indicado noutro do 23/07/2013, referencia T 86/13 referido ao Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do Concello de Nigrán.

Tendo en conta o sinalado, o Pleno **ACORDA:**

1. Aprobar inicialmente o proxecto da obra *Abastecemento en Parada*, (Clave OH.236.1085).
2. Adquirir o compromiso de asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepcionadas as obras por Augas de Galicia e previa entrega destas ao Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.
3. Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización das mesmas.
4. Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

5. Deixar constancia de que dos datos que obran neste Cancello, resulta que queda acreditado que para a normal execución da obra pública *Abastecemento en Parada*, (Clave OH.236.1085) este concello ten a efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa realización e os pon á plena disposición, libres de cargas e gravames, da Administración Hidráulica de Galicia coa dita finalidade.

6. Facultar á Alcaldía para realizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo.

B) Emenda subscribida polo Sr. Alcalde.

Á vista da decisión de Augas de Galicia do 27 de xullo de 2015, recibida o día o 29 de xullo, de resolver o convenio asinado o 23-12-2013, propónse engadir ao acordo plenario de referencia un último apartado nos seguintes termos:

...7. Solicitar a Augas de Galicia que, á vista do presente acordo e demais circunstancias concorrentes, deixe sen efecto a súa decisión de 27 de xullo de 2015 (entrada n.º 9.467, de 29-07) de resolver o convenio asinado o 23-12-2013, no que se enmarca a presente obra. De non producirse tal revogación, facúltase á Alcaldía para que formule o requirimento previo á interposición de recurso contencioso administrativo.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Repasa o calendario seguido para aprobar este proxecto e dálle lectura á parte dispositiva da proposta. Ninguén pon en dúbida a necesidade das obras e se se consegue sacalas adiante será mérito de todos, en especial do anterior goberno. No día de onte, Augas de Galicia comunica a revogación do convenio. Pensa que non é xusta e espera que a Xunta dea marcha atrás. Por iso presenta unha emenda, á que tamén lle da lectura. Pensa que a unión de toda a Corporación fará que isto se arranxe.

D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular: O apoio do seu grupo está garantido e el persoalmente está disposto a acompañar ao Alcalde. O que se di na resolución non é certo. Os técnicos municipais estaban pendentes do proceso. Rexeitan a decisión adoptada por Augas de Galicia. Se non poden usar fondos FEDER, que usen fondos propios. O Concello cumpriu a súa parte. Reitera o seu apoio e o ofrecemento de colaboración. Non houbo deixamento por parte do Concello.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: Non dubidan da necesidade da obra. A última addenda é moi recente, por iso choca a actitude da Xunta. Apoiarán a proposta e a emenda.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: A situación é insólita. Cando se acordou a segunda addenda xa advertiu que os prazos urxían. Non se pode admitir a argumentación da Xunta, á vista das actuacións municipais. No acordo inicial xa se asumiu o compromiso de posta á disposición dos terreos. Apoian a proposta.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: O Concello cumpriu a súa parte, e Augas de Galicia non fai o propio. Ademais minte, porque non é certo que en xullo se fixese unha comisión de seguimento. Sospeita que a decisión ten que ver co cambio de goberno. Foi crítico co proceso, coa modificación dos prazos e coas addendas sucesivas, e abstívose, pero agora vai votar a favor, porque pensa que hai que dar un paso unitario, sen prexuízo de que se analice internamente o proceso.

Sr. Alcalde-Presidente: Agradece a actitude e a colaboración dos grupos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello aceptando o ditame da Comisión Informativa e a emenda de adición presentada, adopta acordo nos seguintes termos:

Expte. Nº. 15/0052SU

O organismo Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, mediante escrito que tivo entrada o 26 de febreiro de 2015 (nº 2.582) indica que a Administración Hidráulica de Galicia está a tramitar a obra *Abastecemento en Parada*, (Clave OH.236.1085) contemplada no convenio de Colaboración asinado o 23 de decembro de 2013 co concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas deste municipio.

Co fin de realizar os trámites necesarios para a licitación da obra, Augas de Galicia solicítalle ao Concello a remisión de determinada documentación.

O orzamento de execución por contrata ascende a 553.216,85 € IVE incluído.

De conformidade co previsto no Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, realizouse o trámite de información pública do proxecto durante 30 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de 16/04/2015 e no taboleiro municipal, non consta que durante o referido período se presentasen alegacións a través do rexistro deste Concello.

Vista a documentación que a acompaña, así como os seus antecedentes, entre os que figura:

- Proxecto denominado Abastecemento en Parada, Nigrán, Pontevedra.
- Informe do arquitecto municipal de data 5 de marzo de 2015.
- Informe do Instituto de Estudos do Territorio (CMATI) indicando que non se precisa o informe previsto na normativa do POL, de data 20 de abril de 2015

(registro de entrada 5054, do 23/04/2015).

- Autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra de data 5 de maio de 2015 (registro de entrada 6501, do 22/05/2015).

- Informe da enxeñeira municipal de data 10 de xullo de 2015.

- Autorización da Axencia Galega de Infraestruturas do Servizo Provincial de Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de data 13 de xullo de 2015.

- Informe do interventor municipal no que reitera o indicado noutro do 23/07/2013, referencia T 86/13 referido ao Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Nigrán para a execución das obras de ampliación das redes de saneamento e abastecemento en diversas zonas do Concello de Nigrán.

Tendo en conta o sinalado, o Pleno **ACORDA:**

1. Aprobar inicialmente o proxecto da obra *Abastecemento en Parada*, (Clave OH.236.1085).

2. Adquirir o compromiso de asumir, de forma definitiva, unha vez terminadas e recepcionadas as obras por Augas de Galicia e previa entrega destas ao Concello, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

3. Comprometerse á entrega dos terreos e auga necesarios para a execución das obras, así como todas as autorizacións administrativas necesarias para a realización das mesmas.

4. Comprometerse a facerse cargo de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local, que resultaren esixibles con motivo das obras.

5. Deixar constancia de que dos datos que obran neste Concello, resulta que queda acreditado que para a normal execución da obra pública *Abastecemento en Parada*, (Clave OH.236.1085) este concello ten a efectiva dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa realización e os pon á plena disposición, libres de cargas e gravames, da Administración Hidráulica de Galicia coa dita finalidade.

6. Facultar á Alcaldía para realizar as actuacións necesarias para a execución do presente acordo.

7. Solicitar a Augas de Galicia que, á vista do presente acordo e demais circunstancias concorrentes, deixe sen efecto a súa decisión de 27 de xullo de 2015 (entrada n.º 9.467, de 29-07) de resolver o convenio asinado o 23-12-2013, no que se enmarca a presente obra. De non producirse tal revogación, facúltase á Alcaldía para que formule o requirimento previo á interposición de recurso contencioso administrativo.

I.5.- TRATADO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTOS (TTIP)

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23/07/2015 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo grupo Nigrán Decide:

"MOTIVOS:

O Tratado Transatlántico de Comercio e Investimentos (coñecido como TTIP, polas súas siglas en inglés) é un acordo económico, actualmente en proceso de negociación entre o Departamento de Comercio do Goberno dos Estados Unidos de América e a Comisión Europea, cuxa finalidade última é a creación dunha gran zona económica de libre circulación de investimentos e mercadorías entre EE.UU. e os Estados Membros da Unión Europea, eliminando as barreiras comerciais e permitindo a chegada tanto de produtos como prácticas non permitidas na zona euro pero sí en EE.UU.; o que nos repercutirá en materia de dereitos laborais, seguridade alimentaria, sanitaria e ambiental, debido á flexibilidade de control existente nas leis de EE.UU. nestes principais ámbitos.

Por estas razóns os lobbies presionaron no 90% das negociacións e un dos puntos máis polémicos do tratado é a creación dunha comisión de arbitraje, a denominada "Investor-to-State Dispute Settlement" (ISDS), encargada de resolver os hipotéticos conflitos entre sector público e compañías privadas, dito de outro modo, un tribunal para as multinacionais, mediante o cal as empresas poderán demandar a un estado se consideran que algunha das súas leis prexudica o seu negocio.

Ademais dun Consello de cooperación reguladora, unha especie de goberno de transnacionais que ditaminará o que se poida ou non legislar en asuntos que afecten aos seus intereses.

Polo que nos concerne aos municipios, representa un serio perigo xa que persigue a liberalización total dos servizos e as compras públicas, en todos os niveis da administración e compromete o nivel de competencias e de soberanía das e dos representantes elixidos para xestionar e administrar de forma autónoma os recursos municipais; suprime, por tanto, a liberdade da administración municipal para subministrar os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais da poboación.

En definitiva, este tratado transfire a soberanía ao capital. Tamén a partir da súa aprobación a xustiza deixará de emanar do pobo, para pasar a emanar do capital.

Por todo isto propoñemos a seguinte MOCIÓN

1. Declarar a NIGRÁN como municipio oposto ao TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social, o medioambiente e a saúde.
2. Solicitar ao Parlamento español e ás eurodeputadas e eurodeputados electos o seu rexeitamento á aprobación do TTIP.
3. Solicitar ao Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP."

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira, do grupo Nigrán Decide: Critica o procedemento que se está seguindo para a elaboración do documento. Ten aspectos moi cuestionables, incluídas as perdas de soberanía dos órganos democráticos.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Non teñen unha opinión fundada. Tampouco se opoñen ao ditaminado pola Comisión.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Non está claro en que medida esta iniciativa afectará a Nigrán, nin as razóns concretas que amparan a proposta. Mantén a abstención expresada na Comisión Informativa.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: É un asunto preocupante que afectará ás vidas dos cidadáns, e ás propias administracións, incluídas as reformas normativas. Sacrifícanse dereitos a favor das multinacionais. Votarán a favor.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: A información é pouca, polo secretismo. Os conflitos coas multinacionais resolveríanse en tribunais alleos á xurisdición legal.

Sr. Mosquera Nogueira: A Comisión Europea non facilita información.

Sr. Fernández Comesaña: O ámbito para resolver estes temas non parece que sexa o municipal.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PP e UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta nos seus propios termos.

I.6.- DEMANDAS NOVO HOSPITAL DE VIGO*A) Ditame da Comisión*

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 23/07/2015 acordou dictaminar favorablemente a seguinte moción presentada polo grupo do BNG e asumida integramente polo Grupo Nigrán Decide:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade adxudicou un contrato de 1.300 millóns de euros á Sociedade Concesionaria do NOVO HOSPITAL DE VIGO S.A. para proxectar, construír e explotar os servizos do hospital. O proxecto público custaba 400 millóns.

O novo hospital segundo a consellería tería 1.465 camas que engadidas ás 422 do Meixoeiro e as 117 do Nicolás Peña farían un total de 2.004 camas.

A realidade é ben distinta, o novo hospital abre con 845 camas, no Meixoeiro redúcense a 347 e no Nicolás Peña a 68, polo que dispoñemos 1.260 camas, é dicir 744 camas menos das prometidas e anunciadas.

A cambio dun hospital novo privatizado e recortado en tamaño e servizos, pechan o Hospital Xeral, o Cíes, o Rebullón e os Centros de Especialidades de Coia e Doblada, mantendo o concerto con Povisa.

Como consecuencia teremos menos sanidade pública e máis negocio para a sanidade privada. Farán negocio con todo incluíndo un novo copago, o parking de pago para usuarios e traballadores, sen teren articulado un sistema de transporte público, en condicións de equidade, que sexa unha alternativa real ao uso do vehículo privado.

Coa privatización e recorte de camas, desaparecen e precarizan moitos postos de traballo e como consecuencia darase un peor servizo á cidadanía.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes ACORDOS

1. Demandar da Xunta de Galiza a posta en marcha dun hospital 100% público, para o conxunto da cidadanía da Área Sanitaria de Vigo, con tódolos servizos, incluído o Laboratorio Central, e coa capacidade e recursos materiais e humanos suficientes para dar resposta ás necesidades presentes e futuras da nosa área sanitaria.
2. Demandar das autoridades competentes no transporte, a adopción de medidas que permitan establecer unha rede de transporte público específico para o acceso aos Hospitais da nosa área sanitaria, especialmente ao Novo Hospital. No caso concreto do noso concello, e ao non estar integrado Vigo na Área de Transporte Metropolitano, demandar do Goberno Municipal as xestións oportunas para acadar unha conexión directa de transporte público co Hospital Álvaro Cunqueiro.
3. Apoiar, como Corporación Municipal a manifestación convocada pola Xunta de Persoal do SERGAS e co apoio de SOS Sanidade Pública, que se celebrará o día 3 de setembro, data na que pechará o Hospital Xeral, ás 8 da tarde desde diante das urxencias do H. Xeral, na rúa Pizarro en Vigo."

B) Emenda con texto alternativo do grupo Popular:

PROPOSTA DE ACORDO:

- 1.- Solicitar á Xunta de Galicia que coa posta en marcha do novo Hospital de Vigo o ratio camas hospitalarias/por mil habitantes na área sanitaria de Vigo, sexa polo menos igual ó existente nestes intreos nas áreas sanitarias de Coruña e Santiago de Compostela.

2.- Demandar á Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade que se difunda entre todo o persoal da EOXI de Vigo, a información técnica que motivou a decisión de instalar o Laboratorio analítico principal no Hospital do Meixoeiro. Asemade se solicita que a Xunta de Galicia remita ós Concellos implicados a mesma información para que estes podan trasladala ós seus veciños interesados.

3.- Solicitar ó Concello de Vigo que, de forma inmediata, se adhira ó convenio do Transporte Público Metropolitano de Vigo ca Xunta de Galicia, o que sen dúbida melloraría a accesibilidade dos doentes ó novo Hospital de Vigo.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Refírese á iniciativa e como se elaborou a redacción que se presentou por Rexistro. Un problema adicional para Nigrán é que non hai un transporte público axeitado. As posibilidades actuais de transporte son as de usar o interurbano e o urbano de Vigo, ou o interurbano de Gondomar. Por iso se demanda unha conexión directa. Ao mellor o que se pretende é que se teña que usar o aparcamento privado do hospital. Tamén se pide o apoio á manifestación do 3 de setembro.

D. Alberto García Pazos, do grupo Popular: Presentan unha emenda á totalidade. Tratan de minimizar a parte política, e substituíla por unha máis técnica. Explica os pormenores de moción. Por unha parte, pídesse igualdade de trato con outras áreas sanitarias. Tamén se pide transparencia sobre o emprazamento do laboratorio. Finalmente, instase a Vigo a que se adhira ao convenio de transporte metropolitano. O problema do aparcamento xa o había.

D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide: O hospital non ten as camas inicialmente previstas. Esa previsión era de carácter técnico. No tema do laboratorio hai unha demanda presentada polos técnicos de análises clínicas. Tendo en conta a demanda prevista, o laboratorio é necesario. As analíticas deben estar alí. Recortouse o proxecto e deixouse ao centro sanitario sen este servizo básico. Non apoiarán a emenda.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN: Desde o punto de vista político hai aspectos preocupantes, como a redución de camas e o laboratorio, do que inexplicablemente se prescinde. Hai moitas explicacións que pedir. Tamén a cuestión do aparcamento, integramente de pago. A cuestión do transporte é esencial, sobre todo ao non estar Vigo integrado no transporte metropolitano. Pode ser demasiado tarde para que esta iniciativa dea o seu froito. Apoian a moción.

Sr. García Pazos: A determinación da capacidade depende de moitos factores, tendo en conta, ente outros aspectos, os menores tempos de hospitalización. O que pretende coa súa moción é que a atención sexa a correcta. O hospital o que necesita é un laboratorio de urxencia. O que pide é que se dean as razóns que permitan entender a decisión.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG: Sobre a emenda, pensa que o aparcamento na cidade non é tan custoso coma no novo hospital. O que piden é un hospital capaz para as necesidades da área. A pesar de declararse moi crítico con Vigo pola súa postura sobre o transporte metropolitano, non concorda cos termos drásticos da moción nese aspecto.

Sr. García Pazos: Fala de distintos modelos de financiamento. O que importa é a calidade do servizo público.

Sr. Alcalde-Presidente: Apoian a moción.

Votación e acordo sobre a emenda con texto alternativo do grupo Popular.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 10; PSOE, Nigrán Decide e BNG.
- Abstencións: 1; UCN.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a emenda.

Votación e acordo sobre a proposta da Comisión .- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aos efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinálase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de abril de 2015 e o 30 de xuño de 2015, ambos incluídos.

II.2.- TOMA DE RAZÓN DOS INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS

Á vista do tratado na sesión plenaria do 25 de xuño de 2015 e das comunicacións respectivas, os representantes dos grupos nas Comisións Informativas queda como segue:

1.- Comisión Especial de Contas:

Grupo	Titulares	Suplentes
PSOE	D. José Luis Sanromán Román	D. Alfonso Vázquez Pérez

PP	D. Alberto García Pazos	D. Alberto Valverde Pérez
Nigrán Decide	D. José Cuevas Raposo	D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira
UCN	D. Antonio Fernández Comesaña	
BNG	D. Xavier Rodríguez Fernández	

2.- Comisión de Urbanismo:

Grupo	Titulares	Suplentes
PSOE	D. Alfonso Vázquez Pérez	D. ^a Ana Pérez Pérez
PP	D. Modesto Martínez Sienes	D. Miguel Alonso Fernández
Nigrán Decide	D. José Cuevas Raposo	D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira
UCN	D. Antonio Fernández Comesaña	
BNG	D. Xavier Rodríguez Fernández	

3.- Comisión de Asuntos Xerais:

Grupo	Titulares	Suplentes
PSOE	D. ^a Ana Pérez Pérez	D. José Luis Sanromán Román
PP	D. ^a Liliana Silva Pequeño	D. ^a M. ^a Del Carmen Alonso-Macías Jorroto
Nigrán Decide	D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira	D. José Cuevas Raposo
UCN	D. Antonio Fernández Comesaña	
BNG	D. Xavier Rodríguez Fernández	


4.- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións:

Grupo	Titulares	Suplentes
PSOE	D. Alfonso Vázquez Pérez	D. ^a Ana Pérez Pérez
PP	D. Alberto García Pazos	D. ^a M. ^a del Carmen Alonso-Macías Jorroto
Nigrán Decide	D. José Cuevas Raposo	D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira
UCN	D. Antonio Fernández Comesaña	
BNG	D. Xavier Rodríguez Fernández	

II.3.- ACEPTACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN

Aos efectos do disposto no art. 13.4. do Real Decreto 2568/1986, de 28 novembro 1986 (ROF) púxose á disposición dos membros do Pleno a documentación na que consta a aceptación polos seus titulares dos cargos con dedicacións exclusivas que se relacionan:

1. Titular da Concellería Delegada de *Facenda, Contratación e Desenvolvemento Local*:



D.ª Raquel Giráldez Armas.

2. Titular da Concellería Delegada de *Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoal: D. Diego García Moreira.*

3. Titular da Concellería Delegada de *Vías e Obras, Servizos Urbáns e Seguridade: D. Rubén Rial Sánchez.*

II.4.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- D. Alberto Valverde Pérez, do grupo Popular:

1.1. Me gustaría saber por medio de que tipo de contrato se está levando a cabo o servizo de grúa municipal, se se está facendo por requirimentos, ou cal é.

D. Rubén Rial Sánchez, do grupo Socialista: Saíu a contratación, coma o ano pasado, polos catro meses de verán, e polo problema de que as dúas ofertas estaban presentadas pola mesma persoa decidiuse non continuar con ese procedemento e agora estase para sacar por un período máis curto. De momento seguimos co sistema de pago por servizo.

Sr. Valverde Pérez: Que non se decidiu xa o sei, porque fomos nós os que decidimos non contratalo porque se detectou esa situación.

2.- D. Alberto García Pazos, do grupo Popular:

2.1. En dous plenos polo menos, e cunha proposta do seu grupo e votación favorable naquel momento de BNG e UCN-CDL, propúxose que todas as modificacións de crédito tiveran tramitación a través do Pleno, en aras á transparencia, coñecemento e participación, excepto naquelas que tivesen repercusión nunha subvención e que tivesen un prazo moi breve para elo. Isto débese facer nas bases de execución do presuposto, pero se hai vontade, pódese facer sen que se modifiquen as bases de execución. ¿Vaino facer previo á aprobación o presuposto ou o vai incluír nas bases de execución do presuposto de 2016? ¿Imos ter no Pleno todas as modificacións de crédito para coñecemento e votación plenaria?.

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos recen chegados. Estamos traballando nese aspecto e valorando o que vai ser mellor para Nigrán, que será o que faremos.

2.2. Quería que para o orzamento do ano que ven se contemple a posta en funcionamento dun sistema de gravación e difusión das sesións plenarias na páxina web do Concello para que os veciños poidan ver os plenos dende as súas casas.

2.3. Para a participación dos concelleiros, pide que desde os correos corporativos se poida acceder á carpeta onde están incluídos os decretos asinados polo alcalde, sen ter que acceder fisicamente a eles en modo consulta.

Sr. Alcalde-Presidente: Se é posible tecnicamente, ningún problema.

3.- D. José Cuevas Raposo, do grupo Nigrán Decide:

3.1. Aprobouse de maneira provisional, como espazo natural de interese local o ecosistema dunar Praia América-Panxón, no concello de Nigrán. Como requisito imprescindible para que se produza a súa declaración definitiva como espazo natural protexido, o Concello de Nigrán deberá presentar o plan de conservación deste espazo. ¿Empezouse a elaborar dito Plan de Conservación?

Sr. Alcalde-Presidente: Está pendente de contratación. A intención é continuar con este plan.

Sr. Cuevas Raposo: De acordo coa lexislación, que este plan de conservación sexa sometido a información pública.

3.2. O Consello Sectorial é o órgano que canaliza a información e a participación da cidadanía respecto ao PXOM. Durante o anterior mandato se pediu varias veces que se convocase. Ten que convocarse cada dous meses. ¿Pensa cumprir o regulamento do Concello Sectorial?

Sr. Alcalde-Presidente: Si, pensamos cumprilo. O que pasa é que no último mes foi imposible que o equipo redactor do Plan Xeral se achegara a Nigrán por motivo de traballo deles. Ata fai quince días non viu aquí o equipo redactor a facernos unha primeira exposición do momento no que está o Plan Xeral. O mércores da semana que ven, día 5 ás cinco da tarde, temos unha reunión de todos os portavoces municipais co equipo redactor do Plan Xeral. Eu quería que antes de dar pasos nese sentido que polo menos todos os portavoces dos grupos municipais escoitáramos ao equipo redactor e a partir de aí xa se empezan a tomar decisións nese sentido. Pola nosa parte creemos nesa participación.

Sr. Cuevas Raposo: Que sexa o antes posible para que os colectivos sociais coñezan como está a situación.

3.3. Todos os concelleiros e concelleiras temos que presentar unha declaración de bens que ten que facerse pública segundo fixe o Estatuto municipal. Aquí non hai Estatuto municipal pero se acordou nun Pleno que se publicara un extracto no BOP. ¿Cando enviou o anuncio ao BOP para a publicación dos modelos aprobados polo Pleno?

Sr. Alcalde-Presidente: Aínda non se enviaron. Se levará a cabo para cumprir a lei de transparencia e esperamos que no máis breve espazo de tempo sexamos capaces de remitilos e facendo que todo aquilo que vaia ao BOP cumpra os requisitos aos que a lei nos obriga.

3.4. En xaneiro de 2015 o PSOE, facéndose eco dunha proposta que fixera eu, aprobouse unha moción na que dicía que as bases das subvencións deberían ser aprobadas polo Pleno da Corporación, sen embargo, vostede convocou unha subvención e aprobou as bases sen que pasaran por aquí. En concreto, o Decreto foi asinado o 23 de xuño co obxecto de aprobar as bases de convocatoria para concesión de subvencións de adquisición de libros



de texto curso 2015/2016. Non é que estea en contra do que din as bases, pero máis que pregunta é rogo, que non se esqueza de que os acordos plenarios son para cumprilos.

Sr. Alcalde-Presidente: Corrixiremos.

3.5. Hai un funcionario cunha inhabilitación especial para emprego ou cargo público relacionado coas actividades de construción e promoción inmobiliaria. ¿Está traballando dita persoa na oficina de urbanismo?

Sr. Alcalde-Presidente: Está situado no espazo de urbanismo, pero non está facendo labores de urbanismo.

Sr. Cuevas Raposo: ¿Lle parece unha boa imaxe para Nigrán que está persoa estea traballando na oficina de urbanismo, e que cando eu vaia alí a facer unha solicitude dunha licenza ou calquera cousa o mire alí sin saber o que está facendo?

Sr. Alcalde-Presidente: Agora está facendo a inspección de prazas, mercados e realmente o apoio á labor urbanística o está facendo a Policía Local. El está noutras funcións. Outra cousa é que estea nun espazo do terceiro piso do edificio novo cerca de urbanismo, pero el está facendo labores de vixilancia de mercados, prazas, etc.

3.6. Saíron varias noticias na prensa sobre a desaparición de varios teléfonos corporativos. ¿Son correctas ditas informacións?

Sr. Alcalde-Presidente: Son correctas.

Sr. Cuevas Raposo: ¿Nese caso se presentou algunha denuncia por esa desaparición?

Sr. Alcalde-Presidente: Non se presentou denuncia. Aínda estamos buscando. Cando os atopemos xa miraremos que facemos.

Sr. Cuevas Raposo: Eu se na miña casa desaparece algo presento unha denuncia para tratar de recuperalo. Creo que neste caso é un patrimonio de todas/os as veciñas/os e deberían adoptarse medidas.

3.7. ¿Poden por multas os auxiliares de Policía?

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro delegado: A sanción ter que ser ratificada por un axente.

3.8. Pide que se borre a beirarrúa-bici. Hai bancos e macetas no medio e pode supor unha responsabilidade patrimonial para o Concello.

3.9. Parece ser que no mercado de Patos non se realiza a limpeza ao rematar e que se fai ao día seguinte, polo que quedan alí moitas bolsas, etc.

3.10. Que se actualice e reforme a páxina web do Concello.

3.11. Que se establezan, se é posible, uns horarios por parte dos corporativos membros do equipo de goberno para recibir ás veciñas e veciños de Nigrán e que ditos horarios sexan públicos na páxina web.

3.12. Que se poña nun lugar destacado a caixa de correos de reclamacións e suxestións e que se inclúan na páxina web as direccións de correo electrónico de todas as concelleiras/os, salvo que algún particularmente non o desexe.

3.13. Que se vaia planificando a posta en marcha do portal de transparencia, porque despois pasa o de sempre, lexislamos moito e logo non cumprimos nada.

3.14. Hai un sendeiro sinalizado que vai polo río Muiños e ao chegar case en Camos xira á dereita para ir ao mirador de Monte Castelo, parece ser que está metida a maleza dentro do sendeiro. Que se limpe.

4.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo UCN:

4.1. Recollendo a inquietude manifestada polo colectivo de taxistas, que se axilice o expediente para a aprobación da instalación de taxímetro nos vehículos. Tendo en conta que o expediente se presentou no Concello o día 25 de setembro de 2014, rexistro de entrada 12.632, e que lamentablemente o informe de mobilidade da Xunta se recibiu o día 30 de xuño, curiosamente remitido o día 20 de xaneiro deste ano. Ao parecer aínda está pendente do informe da Consellería de Comercio, que á súa vez parece que se enviou o día 6 de xullo para informe. Esta situación está xerando serios problemas e prexuizos para este colectivo.

Sr. Alcalde-Presidente: Somos conscientes disto. O martes pasado estiven na Xunta de Galicia e fun á Dirección Xeral de Comercio. Atendeume a Subdirectora Xeral de Comercio e me dixo que recibiran no mes de xullo o que lle enviamos dende o Concello de Nigrán, que o estaban estudando, que a documentación iba completa, e que tiñan que ir a unha comisión de valoración que se xunta de maneira puntual, na que están incluídos os sindicatos, transportistas e un montón de xente. Non hai previsión de que esa xuntanza sexa ata o mes de setembro, pero ante a insistencia que eu lle fixen de que era un tema moi importante para Nigrán, colleu o teléfono e dixo que ían intentar facer unha comisión antes de setembro. Xa que estamos aquí, e se todos estades de acordo, se nos chegara esa resolución durante o mes de agosto e se todos o considerades, a min non me importaría convocar un Pleno extraordinario no que renunciáramos aos nosos emolumentos por participar, unha mañá, cun único punto na orde do día, que sería aprobar isto e desta maneira solucionar este problema.

4.2. Poden informar que protocolo segue a Policía Local para proceder ao valado e reserva de espazo público para dispositivos privados, en concreto o levado a cabo o pasado martes 28 de xullo ás 10,30 da mañá, en fronte ao Remanso Atlántico, onde a grúa retirou varios vehículos debidamente estacionados, que ao parecer era para efectuar labores de mudanza dunha vivenda. E tamén saber se foron aboadas as taxas correspondentes por

ocupación de terreos de dominio público, e se a actuación se levou a cabo a instancia de particulares ou dalgunha empresa.

D. Rubén Rial Sánchez, concelleiro delegado: Comprobarémolo e pasareiche información ao respecto.

4.3. Na praia da Madorra, onde a parada do autobús, había un banco de madeira que fai máis de dous anos desapareceu cos temporais. Que se repoña. Tamén na mesma zona, enfronte, falta a sinalización vertical de paso de peóns. Desapareceu a placa e só está o poste. Que se repoña.

5.- D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo BNG:

5.1. Súmorme á proposta de Alberto de que a través dos correos corporativos teñamos acceso aos decretos, así como á proposta do Sr. Cuevas de que figuren os correos dos corporativos na páxina web.

5.2. Está fundido un dos focos que ilumina o parque infantil de Praia América. Que se substitúa.

5.3. Como sabedes, se viña habilitando como aparcadoiro unha finca privada en Praia América, que viña a resolver un pouco a carencia de aparcamento que sofre a zona no verán. Este aparcamento estivo pechado unha boa parte do inicio do verán, despois abriu. Abría uns días e outros estaba pechado. O que quero preguntar é se houbo algunha xestión por parte do goberno municipal.

Sr. Alcalde-Presidente: Creo que está aberto xa. Tivemos unha reunión cos propietarios do terreo no momento en que vimos que se pechara despois de que estivera aberto un tempo. Falamos coa empresa Mario Puentes. Nos dixo que tiñan problemas por estar en concurso de acredores e que ian consultalo entre eles e creo que antes da fin de semana o abriron e que neste momento xa está aberto ao público de forma definitiva.

5.4. Na rúa Vista ó Mar abriu un negocio, supoño que polo método da comunicación previa, solicitando bar sen música. Houbo queixas dos veciños, porque é un bar con música que causa molestias e ruidos. Estes son algúns dos problemas que traen esas simplificacións de abrir negocios con comunicacións previas. Queremos desregular tanto que despois xorden estes problemas. Unha vez feita a comunicación previa, ¿por parte dos servizos técnicos do Concello se fai unha comprobación ao respecto de se cumpre todos os requisitos para poder ter a licenza correspondente e exercer a actividade e hai comprobación respecto de se está incumprindo a licenza que solicitan ao por música cando non ten licenza para elo?.

D. Diego García Moreira, concelleiro delegado: O que se considera con e sen música agora non existe. Hai unha única clasificación e dependendo do tipo de licenza que solicite e dos equipos de son, sempre teñan música, o que teñen é que estar acordos aos niveis de son para unha cafetería. Polo tanto música poden ter, pero a nivel de cafetería. En canto á labor de corroborar se esa comunicación previa se corresponde,

o Concello ten un prazo para que unha vez que se establece esa comunicación previa, que o que se presentou por rexistro, planos e demais, estean acordes. No caso de que non estean acordes, temos mecanismos para operar. En canto á licenza, estamos a falar dunha licenza de cafetería, e o Concello ten mecanismos de sobra, e estamos precisamente traballando niso, para corroborar e investigar se o uso dese local corresponde con cafetería ou se está a facer un uso non autorizado.

Sr. Rodríguez Fernández: Deduzo, entón, que aínda non se fixeron as comprobacións técnicas pertinentes para corroborar se cumpre as condicións.

Sr. García Moreira: A comprobación técnica xa foi feita. Estamos pendentes só do informe. Á parte diso, estamos avaliando que ese uso sexa acorde coa licenza. Cando teñamos todo ben claro poderemos dar máis información.

Sr. Fernández Comesaña: É certo que xa fai días que está funcionando. O que é elemental é que o local reúna as condicións para exercer a actividade (altura suficiente, etc.) aínda que na documentación que aporten estea perfecto, pero na realidade cunha simple inspección ocular se pode determinar se reúne as condicións para que poida seguir funcionando a actividade.

Sr. Alcalde-Presidente: Todos sabemos que é un local que produce certos problemas aos veciños, pero todas as medidas que tomemos teñen que ser conformes á lei para non equivocarnos e non darlle máis armas para que continúe aberto ou desenvolva a actividade. Estase actuando coa maior celeridade e a realidade é que o que para nós é rápido para os veciños que sofren os ruídos é lento, pero estamos facendo todo de acordo coa lei e que ao final non supoña prexuízo para o Concello nin para os veciños, nin para o que monta o negocio se realmente ten el a razón.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.